

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE MARZO DE 2017

Apróbase/acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. A acta da reunión ordinaria do día 24 de febreiro de 2017.
2. O calendario académico da Facultade de Dereito para o curso académico 2017-2018.
3. Respecto as solicitudes de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural:
  - a) Incluir dentro da programación de Extensión Universitaria do centro a actividade “Acto académico de Graduación da V Promoción do Grao en Dereito”, que se celebrará o día 2 de xuño de 2017.
  - b) Reservar no orzamento destinado ás actividades extraacadémicas e de difusión cultural desta Facultade a cantidad de 1.200 euros para o “Acto académico de graduación da V promoción do Grao en Dereito”.
4. Designar como representantes da Facultade na Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOU 2017) á Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> María Dolores Fernández Fustes (titular) e a Prof.<sup>a</sup> Dr.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez (suplente).
5. Informar favorablemente a solicitude sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentada polo Prof. Dr. Francisco José Torres Pérez.
6. A renovación da representación do alumnado na Comisión de Calidade.
7. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) As solicitudes de informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.
  - b) A aprobación dos calendarios de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2017-2018.
  - c) A aprobación do procedemento de matrícula en materias optativas para o curso académico 2017-2018.
  - d) A designación do Tribunal do Premio Extraordinario do Grao en Dereito do alumnado que remate os seus estudos no curso académico 2016-2017 e a ratificación da correspondente acta.
  - e) A aprobación dos calendarios das probas de avaliación para o curso académico 2017-2018.
  - f) A aprobación das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso académico 2017-2018.

Ourense, 3 de abril de 2017

Decanato  
Facultade de Dereito  
Universidade de Vigo  
Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 31 de marzo de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 3 de abril de 2017.

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.